



Sección Sindical PSA-Peugeot-Citroën

28 DE ABRIL DÍA INTERNACIONAL DA SAÚDE LABORAL

O día 28 de abril, vense celebrando dende o ano 1996 o Día Internacional da Saúde Laboral. Dende a OIT, poténciase a celebración deste día coa finalidade de destacar as accións preventivas na redución de accidentes e das enfermidades profesionais no mundo do traballo.

No noso Centro realizarase un acto institucional coa presenza de distintas autoridades da Administración relacionadas con esta materia.

A C.I.G., agradecendo a invitación, acordamos non asistir ó acto, xa que non seriamos consecuentes coa nosa liña de traballo asistindo a unha celebración, cando:

Nas liñas de montaxe estase presionando ós traballadores e traballadoras con recortes de tempos e cargas excesivas, que en nada mostran a acción preventiva que debera planificar os postos, tendo en conta a sobrecarga de actividade, e as posicións ergonómicas.

Seguimos a ter moitas dificultades para a adaptación dos postos de traballo para as persoas con limitacións recoñecidas

Moitos dos accidentes de traballo ou enfermidades profesionais, seguen negándose dende a xerarquía, incumprindo o protocolo establecido pola propia Dirección, "*invitando*" ós traballadores/as a causar baixa por enfermidade común.

A falla de respecto ós órganos legalmente establecidos, (Comité de Seguridade e Saúde), ó non telos en conta na toma de decisións relacionadas coa prevención.

Por todo o exposto, a nosa contribución ó Día internacional da Saúde Laboral, será a que vimos facendo día a día, **cumprir coa nosa obriga de velar pola prevención dos accidentes de traballo.**

Vigo 27/04/09

Asdo. Miguel Pérez González
Delegado de Prevención da C.I.G.